



CONGRESO MIDAS. Toni Ebner, presidente de Midas; Xoán Antón Pérez Lema, secretario xeral de Relacións Institucionais; Ánxela Bugallo, conselleira de Cultura, e Caetano Díaz

As minorías saen da invisibilidade

❖ Ánxela Bugallo inaugura o cumio de periódicos europeos en linguas minoritarias e aplaude o papel normalizador do GH, e Pérez Lema di que o único camiño de Europa é o multilingüismo

❖ O alcalde de Santiago, Sánchez Bugallo, preside a cea de gala na que se entregaron os premios Midas e Otto von Habsburg, e Toni Ebner recoñece que hai máis axudas dos estados **Páxs. 48 e 49**

CONFERENCIA O presidente de Midas, Toni Ebner, lembrou que en xeral, os estados están "axudando" ás linguas das minorías, aínda que nalgúns casos "tratan de suprimilas"

FACERSE VISIBLES

A CONSELLEIRA
ÁNXELA BUGALLO
AFIRMA QUE O GALEGO
NOS IDENTIFICA
"COMO POBO"

Redacción · Santiago

A lingua galega "identifícanos como pobo", afirmaba onte a conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo, na apertura oficial da Conferencia Internacional de Xornais en Linguas Minoritarias e Multilingüismo na Unión Europea da asociación Midas, que comezou onte á mañá no hotel compostelán Palacio del Carmen. Bugallo estivo acompañada polo secretario xeral de Presidencia da Xunta, Xoán Antón Pérez-Lema, quen afirmou que "o único camiño" de Europa é o multilingüismo, ou senón "Europa non será", mentres o presidente de Midas, Toni Ebner, lembrou que en xeral, os estados están "axudando e coidando" as linguas das minorías, aínda que nalgúns casos "tratan de suprimilas". Finalmente, o director de GALICIA HOXE, Caetano Díaz, asegurou que a lingua é o "ADN dos galegos" e salientou a importancia de que as minorías conten con medios de comunicación "para loitar contra a invisibilidade".



Toni Ebner, esquerda, Antonio Castro, Xosé López e Senén Barro, na sesión de onte á mañá

Deseguido comezaron os relatorios sobre lingua e comunicación. No primeiro bloque, o redactor de GH Henrique Neira falou sobre *Internet e o novo xornalismo*, tras o cal a profesora da Universidade de Santiago (USC) Ana Boullón explicou o proxecto *Cartografía dos apelidos de Galicia* e Diego Vázquez, de Imaxin Software, mostrou as posibilidades do sistema de tra-

ducción automática Opentrad, que se emprega neste xornal.

O presidente do Consello de Administración de Editorial Compostela, Antonio Castro, modelou o segundo bloque, salientando a "revitalización" do galego. O catedrático da Facultade de Ciencias da Comunicación da USC, Xosé López, falou sobre *Lingua e medios de comunicación*, subliando a necesi-

dade de "adaptación" de cara ó futuro. O reitor da USC, Senén Barro, participou cun relatorio sobre *Galego, USC, e Espazo Europeo de Educación Superior*, no que amosou a "progresiva incorporación" da lingua galega á educación universitaria. Tras a sesión, os asistentes á conferencia realizaron unha visita institucional ó reitorado da Universidade de Santiago. ●

O DEBATE

**"Vascos e cataláns
non somos
minoría senón
nación sen estado"**

Michl Ebner, membro do Parlamento Europeo quixo estar onte presente na Asemblea de Midas. Ebner mostrouse optimista cara á situación das minorías lingüísticas, éticas e culturais en Europa pero recoñeceu que "aínda non se chegou ó punto que todos esperabamos". O baleiro legal que existe é a pedra coa que se atopa o Parlamento Europeo para facer unha política a favor dos cen millóns de persoas que viven en situación de minoría. Por iso, reivindicou a creación de pontes baseadas na lingua e na cultura fronte ás fronteiras. Ebner ademais, atopouse con outro problema exposto pola delegación catalá de Midas: "Vascos e cataláns non nos consideramos minoría senón nación sen estado e algún día Europa tamén terá que buscarlle unha solución a este problema".

DE GALA Sánchez Bugallo arroupa a entrega dos premios internacionais Midas e Otto von Habsburg ós xornalistas Jens Nygaard e Marius Cosmeanu pola súa defensa das minorías

APOSTA POLA "EMPATÍA"

"ROMANÍA NON É O CEO PARA OS HÚNGAROS PERO SI MELLOROU CON RESPECTO ÓS 90"

Redacción-Santiago

Onte entregáronse en Santiago os premios internacionais Midas e Otto von Habsburg de Xornalismo á protección das minorías e á diversidade cultural en Europa. Estes prestixiosos premios outórganse ós xornalistas dos diarios europeos que demostraron unha especial dedicación á protección das minorías. O gañador do Midas 2008 foi Jens Nygaard, xornalista do diario danés *Flensborg Avis* de Alemaña que recibiu o premio de mans do presidente de Midas, Toni Ebner. O Otto von Habsburg do 2008 recaeu en Marius Cosmeanu, do romanés diario *Cotidianul* que recibiu o premio de mans da filla de Otto von Habsburg quen destacou os seus interesantes artigos sobre as minorías que viven en Romanía. Estes artigos fomentaron o mellor entendemento entre os románeses e, sobre todo, as minorías húngaras de Siebenbürgen. O xornalista Marius Cosmeanu avogou polo "profesionalismo, a coraxe, e pola empatía" para protexer as linguas minoritarias en Europa. Asegurou, así mesmo, que "Romanía non é o CEO para os húngaros" pero considera que "si mellorou con respecto á década dos noventa". O alcalde de Santiago, Xosé Sánchez Bugallo pechou a cea de gala na que participou a delegación internacional de xornalistas europeos. ●



Foto de familia dos integrantes de Midas no pazo de Raxoi, onde foron recibidos polo alcalde Bugallo e outros membros da corporación compostelá

DE BALDE

Hoxe, 'concertazo' con Seoane, Marful e Ophiusa

Chegou o día. GALICIA HOXE fai hoxe cinco anos e 1.815 números que coinciden coa Festa das Letras. E para conmemorar esta data "GH" invita, a todos os que o desexen, a compartir unha velada musical co gaiteiro Pablo Seoane, co grupo Marful e con Ophiusa. Seoane é un prestixioso gai-

teiro finalista en cinco ocasións do Trofeo Macallan. O grupo de música urbano é un vello coñecido en Santiago pola súa peculiar interpretación da música urbana con sabor a porto, a emigración, a casa de indios... Para os que prefiran a música traicional, Ophiusa presenta neste

concerto o seu primeiro disco 'Paos' (esencias do que é galego de seu). O 'concertazo', de balde, celébrase hoxe ás 22.00 horas na sala Capitol de Santiago de Compostela. Compre lembrar que hoxe 'GH' tamén distribúe de xeito gratuito o libro 'Xosé María Álvarez Blázquez, un heroe

galego', escrito por Carme Herminida e ilustrado por Mauro Trastoy, ademais dun suplemento especial de 28 páxinas no que o coordinador da sección de 'Mare', Antón Lopo, recolle as opinións de distintos persoeiros da cultura sobre o homenaxeado deste ano, Álvarez Blázquez.